



BASES QUE REGULAN O PROGRAMA DE APOIO PARA A ADAPTACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS DA RÍA DE MUROS NOIA ANTE A COVID-19 SEGUNDO OS MANUAIS DA XUNTA DE GALICIA

Convocante: Asociación Rural de Desenvolvemento Ría de Muros Noia. A ARD Ría de Muros Noia é unha asociación integrada polos Concellos de Lousame, Muros, Noia, Outes e Porto do Son.

Ámbito territorial do programa: o Xeodestino Ría de Muros Noia, integrado polos Concellos de Lousame, Muros, Noia, Outes e Porto do Son.

Beneficiarios: establecementos, empresas e profesionais turísticos que teñan a súa sede en calquera concello do Xeodestino ou empresas e profesionais que, tendo a súa sede social fora do Xeodestino, desenvolvan servizos ou produtos turísticos no Xeodestino Ría de Muros Noia.

No segundo suposto, só poderán beneficiarse do programa os servizos ou produtos desenvolvidos efectivamente no Xeodestino Ría de Muros Noia.

Os subsectores que poderán beneficiarse do presente programa son aqueles que correspondan cos manuais editados pola Xunta de Galicia a través de calquera canal oficial.

Descrición dos servizos que recibirán os beneficiarios:

- Asistencia personalizada por un asesor na sede de cada negocio ou lugar onde se preste o servizo.
- Subministración de todos os elementos de cartelería, sinalización e marcado de chan precisos para a aplicación das prescricións contidas nos manuais da Xunta de Galicia.
- Servizo de asesoramento e resolución de dúbidas por vía telefónica ou telemática prestado directamente polo asesor asignado a cada establecemento.
- Aportación de todos os documentos e declaracións a cumprimentar polo empresario e asistencia para a cumprimentación.
- (Só para establecementos con categoría de restaurante) Posta á súa disposición de cartas de menús en formato dixital que substitúan ás tradicionais.

Publicidade: as presentes bases están dispoñibles en <http://riademurosnoia.com/descargas/covid19/>

O anuncio do programa será feito nun diario de máxima audiencia na Ría de Muros Noia.



Presentación de solicitudes: as solicitudes para participar no programa deben remitirse a destinoseguro@riademurosnoia.com e consistirán en:

- Nome e apelidos do demandante.
- Teléfono de contacto.
- Denominación do establecemento ou actividade para o que desexa o servizo.

Con posterioridade, a ARD Ría de Muros Noia poderá solicitar outros documentos que acrediten o cumprimento doutros requisitos de participación.

Datas límite de presentación de solicitudes de participación: a data límite de presentación de solicitudes é o 15 de xuño de 2020.

Procedemento de recepción do servizo polos beneficiarios: tras o envío da solicitude ao enderezo de correo indicado mais arriba, o solicitante recibirá, nun prazo máximo de 72 horas a chamada dun asesor para concertar unha cita para unha primeira visita e iniciar o proceso de asesoramento.

Na Ría de Muros Noia, 29 de maio de 2020